

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL NO MARCO DA CELEBRACIÓN DO XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA NO PORTO DE SADA

Santiago de Compostela, 08-08-2023

Dunha parte, José Antonio Álvarez Vidal, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeada por Decreto 101/2023, do 29 de xuño (DOG nº124 do 30 de xuño), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG nº236 do 14.12.2017).

Doutra parte, D. José Luis Sacau Fontenla, na súa condición de presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, con domicilio aos efectos deste convenio na polígono Industrial Sete Pías - Rúa Maruja Mallo, nº 13 1º ; 36635 Cambados (Pontevedra) no exercicio das facultades que lle confiren os Estatutos da referida entidade.

Todas as partes, na calidade na que cada unha intervén, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) nace no ano 1993, ao abeiro dunha xuntanza de embarcacións tradicionais celebrada en Ribeira co obxectivo de defender, divulgar e dinamizar o Patrimonio Marítimo de Galicia (mais adiante tamén Fluvial), particularmente as embarcacións tradicionais que o integran.

Dende o seu inicio a FGCMF caracterizou pola realización de numerosas accións, como son, a recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais, realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo, dinamización das embarcacións tradicionais mediante a realización de regatas e exhibicións, difusión do patrimonio marítimo e fluvial galego e finalmente no fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros

Actualmente a FGCMF está integrada por 43 colectivos, que inclúen asociacións deportivas, culturais, veciñais, etnográficas e mesmo colexiadas. O intercambio de experiencias con outros territorios europeos no tratamento e no deseño de accións de recuperación do patrimonio marítimo, a súa posta en valor e o seu aproveitamento económico, foron esenciais na definición do camiño a seguir pola FGCMF. As continuas saídas da Federación a outras zonas de Europa, e moi especialmente a Francia, non só serviron para representar a singularidade e riqueza do patrimonio marítimo de Galicia, senón tamén para aprender doutras experiencias e darlle unha maior dimensión á propia FGCMF.

Unha das principais singularidades da FGCMF radica en que as asociacións que a compoñen, conforman unha rede de voluntariado que traballa na defensa do patrimonio marítimo e fluvial galego, por esta razón a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial está inscrita no rexistro da asociacións do voluntariado galego. O paso das edicións do Encontro supuxo un chanzo no desenvolvemento de accións no eido da cultura marítima e fluvial, manifestándose nun incremento continuado no número de asociacións, de proxectos de recuperación de embarcacións tradicionais e mesmo de publicacións e revistas de cultura marítima.



No eido europeo, a presenza da FGCMF vén marcada fundamentalmente pola transcendencia do Encontro e supón o maior escaparate da riqueza do noso "patrimonio. Froito deste traballo foron os convites feitos para que a cultura marítima e fluvial de Galicia fose convidada de honra nas festas de Douarnenez no 2000 e na de Brest no 2008, as máis importantes citas europeas de embarcacións tradicionais.

Neste senso, Portos de Galicia ten establecido bonificación para a promoción do patrimonio marítimo segundo a regra 6 da tarifa X5, conforme á Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, etc., que ademais servir de soporte de actividades de incidencia económica no seu termo municipal, participa na organización do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada que se celebrará entre os días 3 e 6 de agosto de 2023.

Non resulta posible promover a concorrència para a celebración deste evento por canto os dereitos de organización corresponden á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, xa que logo, as tres partes teñen interese en promover o XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada, é polo que acordan formalizar un acordo ou convenio é establecer as bases de colaboración entre a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de Galicia para a organización do XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada que se celebrará entre os días 3 ao 6 de agosto de 2023, co fin de promocionar o patrimonio marítimo e flota tradicional no marco da celebración do deste encontro.

Portos de Galicia, considera que con esta actividade aplica unha medida para a reactivación da actividade náutico – deportiva e pesqueira e como ferramenta de xeración de actividade económica, turismo, riqueza e emprego no eido portuario

En definitiva, o presente convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato.

Tendo en conta o propio fundamento do convenio, sustentado na súa finalidade de promoción de actividades de interese xeral a través da concorrència dun acordo consonte de vontades orientado á co-participación no desenvolvemento de determinadas actividades de interese común por todas as partes que os subscriben, resulta de interese proceder á celebración do presente convenio de colaboración.

CLAUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de Galicia para a organización do XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada que se celebrará entre os días 3 ao 6 de agosto de 2023.



A finalidade última do convenio é promover o patrimonio marítimo e flota tradicional no marco da celebración do XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial comprométese a:

1.- Organizar a celebración do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada, así como a fomentar e promover o patrimonio marítimo e flota tradicional no marco da celebración do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia, asumindo todas as actividades, funcións e responsabilidades de todo tipo como entidade organizadora lles sexan imputables.

A ocupación dos espazos portuarios que se identifica no plano anexo a este convenio, plano que ten carácter vinculante, se iniciará o día 3 de agosto (engadindo os traballos previos de montaxe de carpas e demais elementos) e rematarán o día 6 de agosto (e os traballos de desmontaxe).

2. – Realizar a instalación dos elementos postos a disposición e coidar do estado e mantemento do mesmo en tanto estea no seu depósito, así como devolvelo nas mesmas condicións que lle foron entregados.

3.- Xestionar perante o Concello de Sada a disposición e aplicación da loxística necesaria de protección e seguridade cidadán durante a celebración do XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada, conforme á normativa de aplicación, nomeadamente a Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

4.- Á retirada dos elementos de ambientación, que voltarán ao seu estado actual.

5.- A cumprir coas obrigas establecidas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e normativa que a desenvolva obtendo das administracións competentes, singularmente a municipal, as licencias, permisos, asistencia e control do evento que correspondan con arranxo á dita normativa.

6.- A obter e cumprir cantas outras licencias, permisos e autorizacións correspondan das administracións públicas que regulamentariamente sexan precisas para a celebración do evento.

7.-Asumir todos os custos de fornecementos, enerxía, auga, luz e demais subministros que sexan preciso para a realización da actividade.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

A entidade pública empresarial Portos de Galicia comprométese a poñer a disposición da Federación, os espazos en mar, terra así coma as edificacións sitas no dominio público portuario de Sada e que se indican no Anexo I do presente convenio para favorecer e promover a celebración do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Sada, sen que a intervención da Federación ao abeiro deste convenio sobre terreos de



dominio público portuario identificados segundo plano anexo ao mesmo, implique cesión de competencia ou limitación ou perda das potestades administrativas e facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.

CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio; deste xeito, a subscrición do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

QUINTA.- RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Fronte a terceiros: habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial responderá dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio, perante a súa duración e ata a súa liquidación definitiva.

2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 32 e 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

SEXTA.- PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción do convenio:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.



- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa conlevará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

3.- Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

OITAVA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta Lei 6/2017 para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia ata o 7 de agosto de 2023, extingúndose automaticamente á chegada de dito termo. A



Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial debera retirar os elementos de ambientación, voltando a superficie ao seu estado no que foi entregado.

Esta vixencia computarase dende a data de sinatura pola última parte en realizala.

O Presidente de Portos de Galicia:


José Antonio Álvarez Vidal

O presidente de CULTURMAR:


José Luis Sacau Fontenla



ANEXO I (inseparable do convenio): Plano de detalle dos espazos da zona portuaria de Sada na que se desenvolven as actividades deste convenio.




1. Zona de información.
2. Feira de Artesanía
3. Pavillón do Patrimonio (carpa 30x15): Exposición guía das embarcacións tradicionais, con visión directa sobre os buques
4. Carpa de Culturmar para atención a tripulantes e navegación (6x3)
5. Zona de obradoiros demostrativos de artesanía, en carpas de 3x3 (redeiros, cordoeiros...). Valorar a posibilidade de obradoiro de cerámica (ASPACE) pero facendo un patexo (ver outras opcións)
6. Zona de obradoiros educativos e ludoteca, complementado con outros obradoiros e actividades na propia nave de redeiros (atadoras, vídeos sobre como atar e levar un cacho de pano de rede de cerco, como visualización dun dos elementos identificativos do Encontro).
7. Espectáculos infantís, dentro da área destinada ao Encontro Infantil.
8. Espazo Balbina (Carpa de 10x20) ou similar
9. Carpa Mariñeira
10. Caseta de servizos (WC)



1. Rampla principal
2. Rampla pequena
3. Pantalán de servizo
4. Fondeadoiro
5. Exhibición do secado de redes
6. Perímetro para actividades infantís
7. Liña de atraque

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdeg Galicia.gal



Plano de Espazo Sons de Mar, zona situada no paseo marítimo destinada ao programa musical nocturno onde se instalarán un escenario mais elementos accesorios tales como carpa, wc público e grupo electróxico que ocupa unha extensión duns 2945 m2.

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdeg Galicia.gal